

I CERTAME LITERARIO OS TESOUROS DO MAR



«Beatrix, Nemo e os tesouros do mar»

Entidade convocadora:

FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y MARISQUEO - FUNDAMAR

Dirixido a:

Alumnos e alumnas de educación secundaria obrigatoria da provincia de Pontevedra

Contido:

Creación do relato «BEATRIX, NEMO E OS TESOUROS DO MAR», como segunda parte para a secuencia de relatos iniciada en 2017 con «**Os tesouros do mar na ría de Vigo**».

Descargar relato: [«Os tesouros do mar na ría de Vigo»](#)

Ver vídeo: [«Nemo e os tesouros da ría de Vigo»](#)

Data límite para a recepción de relatos:

30 de outubro de 2019

Obxectivos:

- ✓ [Dinamizar a lingua galega](#)
- ✓ [Contribuír á difusión](#) e posta en valor do patrimonio material e inmaterial da ría de Vigo.
- ✓ [Promover sinerxías entre o sector educativo e o sector pesqueiro.](#)
- ✓ [Xerar conciencia e identidade territorial.](#)
- ✓ [Fomentar a conservación da memoria e a cultura do sector pesqueiro.](#)

BASES

I CERTAME LITERARIO OS TESOUROS DO MAR

1. PARTICIPANTES E CONTIDO DO RELATO

Alumnado de educación secundaria obrigatoria da provincia de Pontevedra

O relato titularase «**BEATRIX, NEMO E OS TESOUROS DO MAR**», e o gañador será a segunda parte da secuencia de relatos iniciada en 2017 con «**Os tesouros do mar na ría de Vigo**».

O conto deberá incorporar como elemento argumental a importancia do mar e do sector pesqueiro no noso territorio; e poderá incluír tamén elementos fantásticos e históricos — lendas ou historias reais ou ficticias—, que exalten ese carácter fundamental do medio mariño e da pesca. A protagonista será Beatrix.

Os e as participantes lerán previamente o relato en lingua galega «Os tesouros do mar na ría de Vigo» para saber quen son Beatrix e os outros personaxes e poder crear os relatos participantes baseándose nas súas características:

Descargar o relato: [«Os tesouros do mar na ría de Vigo»](#)

Ver o vídeo: [«Nemo e os tesouros da ría de Vigo»](#)

2. PRESENTACIÓN

Poderase participar a través dos centros educativos da provincia de Pontevedra ou ben libremente.

En ambas as modalidades, os relatos deben ser orixinais e inéditos, non poden ser traballos premiados en concursos anteriores e teñen que estar redactados en galego.

Nos centros educativos

O profesorado da ESO (12-16 anos) propondrá ao seu alumnado a redacción de relatos, de acordo coas bases do concurso. Segundo a calidade dos traballos entregados, o propio profesorado seleccionará un máximo de cinco relatos por centro educativo.

Os/As participantes identificaranse con nome e apelidos, enderezo postal e teléfono.

Por libre

Poderán presentarse estudantes de 12 a 16 anos matriculados en centros educativos da provincia de Pontevedra.

Para iso, deberán ter domicilio na provincia de Pontevedra e acreditarlo documentalmente en caso de ser elixido/a gañador/a (volante de empadramento, fotocopia do DNI, certificado de matrícula do curso 2018/19 nalgún centro educativo da provincia de Pontevedra, etc.).

Os/As participantes identificaranse con nome e apelidos, enderezo postal e teléfono.

Xunto cos relatos concursantes, presentarase unha declaración na que se manifeste que o relato é orixinal, inédito e non premiado con anterioridade en ningún outro concurso ou certame. [Descargar declaración](#).

Os traballos presentaranse debidamente paxinados, en formato electrónico. Terán unha extensión non superior a 10 páxinas, escritas por unha soa cara, en letra Times New Roman, tamaño 12 e interliñado 1,5.

3. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

Os relatos enviaranse por correo electrónico a FUNDAMAR:

Correo electrónico: vigopesqueiro@fundamar.org

O **prazo de presentación** de relatos finaliza o **30 de outubro de 2019**.

FUNDAMAR clasificará os relatos segundo sexan «válidos» ou «non válidos» e logo enviarllos para revisión e cualificación ao Xurado do Certame.

4. PREMIOS

O premio consistirá na ilustración, maquetaxe, revisión lingüística e edición do relato no mesmo formato en que foi editado «Os tesouros do mar na ría de Vigo». O relato será publicado na páxina web de FUNDAMAR, e levará o nome do/a gañador/a.

Ademais, entregaráselle un DIPLOMA e un agasallo relacionado co fomento da lectura en lingua galega.

Non optarán a premio aqueles relatos que inclúan contidos sexistas ou que incidan na

intolerancia en calquera dos seus aspectos.

5. XURADO

O Xurado estará formado por persoas de entidades relacionadas co mar e o sector pesqueiro.

6. RELATO GAÑADOR

O veredicto do xurado farase público no mes de novembro de 2019, comunicándose persoalmente á persoa gañadora.

O xurado non admitirá relatos que conteñan ideas ou expresións contrarias aos obxectivos deste certame, e valorará especialmente os traballos presentados tendo en conta os seguintes criterios:

- ✓ A orixinalidade no tratamento do tema.
- ✓ A igualdade. Reinterpretación dos roles sexistas e os estereotipos que afectan a imaxe da muller que aparecen acotío na literatura, o cine, a televisión. Eliminación dos micromachismos.
- ✓ Axuste aos temas e obxectivos do certame.
- ✓ Ortografía e gramática utilizadas na redacción do relato.
- ✓ Outros aspectos.

7. PROPIEDAD DOS TRABALLOS

O relato gañador quedará a disposición de FUNDAMAR, que o editará e publicará en formato papel e en formato dixital para a súa difusión en redes sociais e páxinas web da entidade e calquera outra utilidade que resulte de interese.

8. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no certame supón a aceptación total das súas bases e a decisión do xurado.

MÁIS INFORMACIÓN

Correo electrónico: vigopesqueiro@fundamar.org - **Teléfono:** 986 433 844 Ext. 8